

JESUS CANABAL  
MONTEVIDEO

29 de xaneiro de 1963

Sr.  
Dr. Luis Tobio Fernández  
Méndez Núñez 17  
MADRID, 14


Moi estimado Don Luis:

Recibín a súa do día 16, e alégrome moito de que todo se vaia arranzando e ademais con saúde.

O enteirarme que aínda non tiña noticias do pase de fondos, coidei que fora por causas da folga de carteiros que tivemos por 10 ou doce días, pero supoño que agora xa debe ter confirmación.- A Órden á Nova York foi polo Bank of América con data de 28 de nadal, é temos noticias que o día 4 de xaneiro foi feito o trespaso a Basileia.

En canto a Historia, siguen estudando con Barreiro a Empresa que se faga cargo da distribución, estando en discusión o desconto a convir.- Dentro d'esta operación, é que será tratado o seu asunto.- Don Manuel espera chegar a ésta o día dous de fevreiro e pasará aquí catro semanas de vacaciós.

Sin mais, con moitas ganas de facerlle unha visita, saúdos a todos os seus familiares e vostede reciba unha forte aperta de seu amigo



Av. Gral. Rondeau 2082